

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital

Plan para o impulso da Inclusión,
Capacitación e Talento Dixital en
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia. Axencia
para a Modernización Tecnolóxica
de Galicia - AMTEGA.

Este documento distribúese baixo
licenza Creative Commons
Atribución – Compartir Igual 4.0
Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en:
<https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

ÍNDICE

1. A INCLUSIÓN E O TALENTO DIXITAL, UNHA PRIORIDADE PARA A COMISIÓN EUROPEA, O GOBERNO DE ESPAÑA E A XUNTA DE GALICIA.....	3
1.1. Contexto europeo.....	3
1.2. Contexto nacional.....	5
2. O PUNTO DE PARTIDA EN GALICIA, PRINCIPAIS RETOS.	11
2.1. Caracterización da sociedade galega.....	11
2.2. Uso da internet e habilidades dixitais.....	12
2.3. Estudantes de ensinanzas STEM	15
3. OS PASOS DADOS PARA O IMPULSO DA INCLUSIÓN E O TALENTO DIXITAL, PRINCIPAIS ACTIVOS DE GALICIA.	17
3.1. Maior uso e adopción das tecnoloxías dixitais por parte de toda a cidadanía	17
3.2. Resposta ás novas necesidades de capacitación do futuro	20
3.3. Redución da fenda entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital	23
4. EIXES NOS QUE SE VERTEBRA O PLAN.	26
5. MAPA DE MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E O TALENTO DIXITAL.....	33
6. MODELO DE GOBERNANZA E DINAMIZACIÓN DO PLAN.....	40
6.1 Novo modelo de gobernanza	40
6.2 Indicadores.....	42
6.3 Modelo de seguimento e control	43

1. A inclusión e o talento dixital, unha prioridade para a Comisión Europea, o Goberno de España e a Xunta de Galicia.

A transición dixital avanza máis rápido que nunca achegando beneficios sen precedentes ao conxunto da sociedade, sen embargo tamén introduce certos retos como as fendas dixitais ou ameazas relacionadas coa privacidade ou seguridade. Na actualidade, a inclusión e o talento dixital constitúen unha prioridade irrenunciable en todas as axendas políticas para reducir as desigualdades, propiciar o aumento da calidade de vida e o desenvolvemento socioeconómico.

1.1. Contexto europeo

As tecnoloxías dixitais están a cambiar a vida das persoas e, baixo o convencemento de facer dos próximos anos a “Década Dixital” de Europa, a Comisión Europea aspira a lograr que esta transformación poida achegar valor para todas as persoas e as empresas, á vez que contribúe a alcanzar o seu obxectivo dunha Europa climáticamente neutra de aquí a 2050.

Neste senso, en febreiro de 2020, a Comisión presentou a **Estratexia Dixital de Europa**¹, que debuxa unha sociedade europea impulsada por solucións dixitais que sitúan nun lugar preferente a cidadáns, empresas e medio ambiente. Componse de tres piares fundamentais, entre eles o de situar a “Tecnoloxía ao

servizo das persoas” cuxos principais obxectivos son investir en competencias dixitais para todos os europeos, protexer ás persoas contra as ameazas cibernéticas e garantir que a intelixencia artificial desenvólvese de maneira respectuosa cos dereitos das persoas, xerando confianza.

Con todo, tendo en conta que a irrupción da pandemia do coronavirus acelerou en gran medida o uso das tecnoloxías e ferramentas dixitais demostrando os beneficios e oportunidades que se derivan delas, pero revelando tamén a importancia de reducir as desigualdades dixitais, en marzo de 2021 esbozouse a **«Brúxula Dixital» de Europa**, definindo unha visión e as ambicións dixitais da UE para 2030.

Europa aspira a capacitar ás empresas e ás persoas para un futuro dixital sostible, máis próspero e centrado no ser humano

A Década Dixital de Europa: obxectivos dixitais para 2030

¹ COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO, AL CONSEJO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL EUROPEO Y AL

COMITÉ DE LAS REGIONES Configurar el futuro digital de Europa. COM/2020/67 final

Cada un dos catro puntos cardinais tradúcese en obxectivos claros a acadar no horizonte 2030. Un deles xira en torno a unha **ciudadanía con capacidades dixitais e profesionais do sector dixital altamente cualificados**, considerando especialmente a fenda de xénero.



A Comisión Europea aposta polas persoas e as súas capacidades en favor dunha recuperación sostible tras a pandemia, considerando que as empresas necesitan traballadores coas habilidades necesarias para dominar as transicións verde e dixital e o conxunto da cidadanía necesita desenvolverse plenamente no contexto dixital.


Neste contexto xorde a **Axenda de Capacidades Europea para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia** que establece ambiciosos obxectivos cuantitativos de capacitación (mellorar as capacidades existentes) e de reciclaxe profesional (formación en novas capacidades) para os próximos cinco anos.

Ademais, como referencia para o desenvolvemento e planificación estratéxica de iniciativas en materia de competencia dixital, definiuse o **Marco europeo de competencias dixitais (DigComp)** que ofrece a descrición de todas as habilidades necesarias para poder traballar en contornas dixitais e descríbense en termos de coñecementos, habilidades e actitudes e móstranse os niveis dentro de cada competencia.

"O conxunto da cidadanía e as empresas de Europa deben poder navegar polo mundo dixital con confianza e por decisión propia (...). Deben estar capacitados para decidir sistematicamente por si mesmos sobre o alcance, a visibilidade e a existencia da súa propia pegada dixital. A aprendizaxe ao longo de toda a vida e o desenvolvemento das habilidades dixitais deben promoverse e deben incluír aspectos éticos, técnicos, legais, ecolóxicos e sociais."

Declaración de Berlín sobre Sociedade Dixital e Goberno Dixital baseado en valores.

DigComp identifica 21 competencias dixitais en 5 áreas clave:



Fonte: DigComp 2.2 Marco de Competencias Dixitais para a cidadanía

1.2. Contexto nacional

A **Axenda España Dixital 2026**, que actualiza a estratexia España Dixital 2025 para adaptala ao horizonte 2026 e aliñarse co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, constitúe un pilar estratéxico para a recuperación da crise socioeconómica xerada polo impacto da pandemia do COVID-19, converténdose na folla de roteiro que impulsará a transformación tecnolóxica estatal no medio prazo.

Esta nova axenda recolle o conxunto de medidas, reformas e investimentos, articulados nos dez eixes estratéxicos da

Axenda a 2025 e incorpora dous novos eixes transversais para o impulso de proxectos estratéxicos de gran impacto, todos eles aliñados coas políticas dixitais marcadas pola Comisión Europea para o novo período.

As accións da Axenda están orientadas a impulsar un crecemento máis sostible e inclusivo, impulsado polas sinerxías das transicións dixital e ecolóxica, que chegue ao conxunto da sociedade e concilie as novas oportunidades que ofrece o mundo dixital respecto dos valores constitucionais e a protección dos dereitos individuais e colectivos.

Entre os seus dez eixes estratéxicos destaca o de **Reforzar as competencias dixitais dos traballadores e do conxunto da cidadanía** poñendo especial énfase nas necesidades do mercado laboral e en pechar a fenda dixital na educación. Un dos obxectivos é que en 2025 o 80% das persoas teñan competencias dixitais básicas e que a metade delas sexan mulleres.

Unha das medidas previstas neste eixe é o **Plan Nacional de Competencias Dixitais**, onde o impulso da capacitación dos empregados públicos e da cidadanía, convértese na clave para a modernización e a mellora da eficiencia na Administración Pública. Por este motivo, as estratexias dixitais do Goberno e da Comisión Europea, contemplan o desenvolvemento de competencias dixitais do conxunto da poboación, como unha das súas principais prioridades.

A capacitación dixital da cidadanía convértese nun factor chave para poder aproveitar as oportunidades que esta transformación dixital ofrece, maximizando o uso de ferramentas dixitais no crecemento e desenvolvemento económicos e na actividade laboral, a responsabilidade social corporativa, a inclusión social e o benestar da cidadanía. Estas competencias son necesarias para contar con cidadáns máis preparados, profesionais máis capaces e mellor formados e empresas áxiles e innovadoras que incorporen a disrupción dixital como elemento tractor da súa visión estratéxica.

O Plan Nacional de Competencias Dixitais oríéntase para poder identificar, deseñar e avaliar as políticas públicas necesarias para o desenvolvemento das capacidades dixitais, xa sexan, básicas, avanzadas e/ou especializadas, e para toda a cidadanía cunha énfase particular en mulleres e nenas, persoas adultas maiores e poboación ocupada e desempregada.

O Plan atópase estruturado ao redor dun total de catro eixes entre eles destaca o de Competencias dixitais transversais, que inclúe dúas liñas de actuación:

- **Capacitación dixital da cidadanía (con énfase en colectivos en risco de exclusión dixital).** Buscando capacitar á cidadanía na era dixital universalizando as competencias dixitais básicas (tal e como se definen na Axenda Dixital española 2025) para que todas as persoas poidan comunicarse, comprar, realizar transaccións, relacionarse coas administracións usando as tecnoloxías dixitais con autonomía e suficiencia.
- **Loita contra a fenda dixital de xénero.** Persegue pechar a fenda dixital de xénero (que crece conforme máis avanzado e especializado é o uso da tecnoloxía) para garantir a participación plena da muller na sociedade e economía dixitais, incentivando a formación en competencias dixitais para mulleres e nenas.

Doutra banda, o Plan conta cun eixe estratéxico dirixido a **"Profesionais dixitais"**, que conta con unha liña de actuación, o **Fomento de especialistas TIC** (tanto titulados de Formación Profesional como universitarios). Asumindo como meta satisfacer as

necesidades actuais e futuras de especialistas en tecnoloxías dixitais, tanto por encima do nivel básico como especializadas, atendendo as demandas do sector produtivo e as necesidades de innovación en novos produtos e servizos dixitais.

1.3. Contexto rexional

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** concibiuse como marco dixital común para facilitar a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade.

Unha estratexia para Galicia, aliñada coas prioridades no novo marco europeo, que busca situar a Comunidade como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Para iso, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, defínense 7 eixes estratéxicos e 1 eixe estratéxico transversal.

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital alíñase co eixe estratéxico **Sociedade Dixital e Inclusiva**, que busca dotar ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade

no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas, así como o pensamento crítico, a creatividade ou a xestión da carreira ao longo de toda a vida, a través da aprendizaxe permanente.


En concreto, converxe coa área de actuación *Competencias dixitais para non deixar a ninguén atrás* orientada a asegurar que a cidadanía conte coas capacidades básicas para participar de forma efectiva no contexto dixital, especialmente os colectivos máis vulnerables; perseguindo:

- Favorecer a adquisición, mellora e reciclaxe das capacidades dixitais da cidadanía e dos traballadores.
- Promover a acreditación de competencias dixitais, cun marco de certificación común que facilite o recoñecemento da formación entre diferentes áreas profesionais e xeográficas.
- Fomentar a igualdade dixital mediante a redución da fenda de acceso a servizos dixitais.

Ademais, contribúe aos obxectivos recollidos no eixe estratéxico transversal **Especialización Tecnolóxica** dentro da

área de actuación *Impulsar á promoción do talento dixital* para asegurar que Galicia dispón da canteira de talento especializado necesaria para dar resposta á transformación dixital. E, do mesmo xeito, contribúe aos obxectivos do eixe **Goberno e Administración Intelixente** ao abeiro do Programa para o emprego público dixital.

Para acadar unha sociedade plenamente dixital tense que garantir que as persoas coñecen e aproveitan as vantaxes do uso das tecnoloxías. As leis que fixan as bases para o desenvolvemento da eAdministración, promoven as competencias dixitais para garantiren o dereito cidadán de interactuar dixitalmente coa Administración, e tamén impulsan a necesidade de determinar o nivel mínimo en competencias dixitais que o persoal empregado público ten que ter, para facilitar esta relación e contribuír a unha administración mais sostible e innovadora.



A lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, obriga a desenvolver o **Marco galego de competencias dixitais** coma ferramenta para acadar unha cidadanía dixital responsable, así coma impulsar e recoñecer a capacidade innovadora do

persoal que traballa no sector público. O marco debe determinar os coñecementos, as capacidades e as aptitudes no eido dixital e que poida ser utilizado coma ferramenta guía para a capacitación da cidadanía de xeito xeral e para configurar as propostas de capacitación dixital continuada do persoal empregado público.

A lei marca que este Marco galego de competencias dixitais estea aliñado co marco europeo European Digital Competence Framework (DigComp) e nos artigos 14 e 107 obrígase á Xunta de Galicia a desenvolver un modelo de acreditación oficial das competencias dixitais que posibilite o seu recoñecemento oficial.

O decreto polo que se regula o marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, define a estrutura do marco galego de competencias dixitais, e regula a certificación galega de competencias dixitais establecendo os requisitos, criterios e procedementos para a súa obtención, desenvolvendo así as previsións establecidas na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A definición do Marco Galego de Competencias Dixitais acompañarase dun **plan de implantación do marco galego de competencias dixitais** dirixido a cidadanía galega e de forma específica ao persoal empregado público. As actuacións definidas ao abeiro deste plan, complementaranse coas iniciativas definidas neste documento para o Plan de Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia, garantindo

conxuntamente a promoción na cidadanía galega das capacidades de aproveitamento das tecnoloxías e potenciando hábitos de comportamento no eido dixital, que garantan o uso adecuado e seguro das novas tecnoloxía.

DigiTalent 2030: Camiña en Dixital artella accións para alfabetizar e dotar de autonomía dixital aos cidadáns, a través

de mecanismos que permiten a adquisición e acreditación das competencias dixitais mais básicas. As actuacións recollidas en ambos os dous plans terán un efecto de retroalimentación constante, favorecendo a evolución da cidadanía ao longo dos niveis de capacitación dixital, á vez que se inclúe e adquire talento no eido dixital.





Estratexia Dixital Europea

Configurar o futuro dixital de Europa

Plan de recuperación para Europa:

- Marco financeiro plurianual 2021-2027
- Next Generation EU



Plan España Dixital 2025



Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía española



Brúxula Dixital 2030

Axenda de Capacidades Europea para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia



Estratexia Galicia Dixital 2030

PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2021 ~ 2030

CeMIT VOLDIG





2. O punto de partida en Galicia, principais retos.


Galicia conta cunha serie de particularidades que deben terse en conta para a idónea formulación de políticas de inclusión no fomento da sociedade dixital na cidadanía. Os principais retos para a inclusión dixital e desenvolvemento do talento dixital da poboación galega son principalmente o envellecemento e a dispersión poboacional, así como o número reducido de persoas con estudos STEM.

2.1. Caracterización da sociedade galega

Galicia conta cunha poboación máis envellecida que a de España e a UE, isto débese a un **envellecemento progresivo da poboación xunto con un descenso da natalidade**, 1,01 nenos por muller, sendo a media de idade en Galicia de 48 anos, fronte á media de 44 anos en España e na UE.

A nivel xeral, a poboación de máis idade adoita ser a que fai menos uso das tecnoloxías e ferramentas dixitais. Ademais,

en Galicia existe unha gran dispersión poboacional. A maioría dos galegos viven no eixe atlántico onde se concentra o 45% da cidadanía galega en tan so o 6% dos concellos. Pola contra, as zonas rurais están moi despoboadas, cun 81% de municipios que non superan os 10.000 habitantes. Todo o anterior ten repercusión sobre a dixitalización da poboación galega, que aínda que nos últimos anos mellorou segue por detrás do nivel nacional.




2.2. Uso da internet e habilidades dixitais

No 2021 a maioría dos galegos, un 87,1%, usan habitualmente internet (cando menos unha vez á semana). Desde 2016, en Galicia aumentou o número de galegos que usan internet de forma habitual nun 16% e en 2020 xa se tiña superado en case un 10% o obxectivo fixado no [Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020](#) (PID).

Uso da internet nos últimos 3 meses.

O uso individual da internet nos 3 últimos meses aumentou desde 2016. En Galicia o aumento foi moito máis pronunciado que na UE ou España, o número de galegos que usan internet nos últimos 3 meses pasou dun 74% en 2016 a un 89,4% en 2021. Isto débese ás políticas executadas de plans de inclusión dixital e polo confinamento producido pola COVID-19.



O uso da internet nos últimos 3 meses varía en función da idade, xénero, nivel de estudos e habilidades dixitais. A continuación, vanse analizar en detalle estes aspectos:


Fenda interxeracional e de xénero. O uso de Internet nos últimos 3 meses evolucionou significativamente en Galicia, destacando no 2021 o maior crecemento no grupo de idade entre 65 a 74 anos que navegan na rede. En

Galicia esta fenda interxeracional é máis notable que en España, aínda que se reduciu desde 2016.

En Galicia existe unha diferenza no uso da internet segundo o xénero. No período 2016-2021 a fenda de xénero mantivo unha tendencia decrecente, ata desaparecer. No 2021, en xeral, son as mulleres as que máis empregaron

internet, destacando un uso un 6,9% superior no rango de idade de 45 a 54 anos. Con todo, entre a poboación de 65 a 74 anos a tendencia invértese, sendo os homes os que máis usaron internet.

A nivel nacional as diferenzas entre homes e mulleres son similares, sendo lixeiramente superior o uso da internet por parte das mulleres.



Nivel de estudos. A medida que o nivel formativo é máis elevado, as diferenzas de uso de internet entre homes e mulleres redúcense ou desaparecen. A maior diferenza neste eido atopámola

entre aquelas mulleres que só teñen estudos primarios que, segundo os datos publicados polo OSIMGA no 2022, superan en 12,1 puntos porcentuais aos homes do mesmo nivel académico.

HABILIDADES DIXITAIS SOBRE A PORCENTAXE DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS 3 MESES (2021)



Habilidades dixitais. As competencias dixitais son fundamentais para acadar unha sociedade inclusiva dixitalmente. No 2021, o 35,1% da poboación galega de entre 16 e 74 anos conta xa con competencias dixitais avanzadas e o 61,6% dispón de, cando menos, competencias dixitais básicas.

Aínda que esta porcentaxe non supera a media estatal, no último ano incrementouse un 18,2%, situando a Galicia como a sexta comunidade autónoma con maior proporción poboacional con habilidades cando menos básicas e máis de oito puntos porcentuais por enriba da media europea (53%).

En Galicia, en xeral, son os homes os que contan con máis capacidades dixitais no nivel básico, mentres que as mulleres destacan 3 puntos porcentuais por enriba no nivel avanzado.

Pola contra, o nivel de competencia dixital baixa é o mais estendido entre a poboación maior de 55 anos ou con nivel educativo inferior á secundaria, as persoas dedicadas ás labores do fogar,

os pensionistas e as persoas cun escasos medios económicos.


Persoas que realizan **trámites coa administración a través da canle dixital**. Un dos obxectivos expostos no PID 2020 era levar a cabo unha dixitalización das Administracións públicas e que os cidadáns realizasen o maior número de trámites a través da canle en liña. En 2021 un 81,9% dos galegos (con idades comprendidas entre 16 e 74 anos) relacionáronse con algunha administración pública para obter información nos últimos 12 meses, fronte ao 59,4% que o fixeron a nivel nacional. Destacando que o 79,3% da poboación se relacionou coa administración para descargar formularios, o 79,1% enviou formularios cumprimentados e o 65,4% descargou os documentos que a administración xerou baixo a súa petición.

Persoas que compran a través da canle dixital (PID 2020/ EGD2030).

No 2016, só o 38,8% dos galegos e galegas comprou un liña. Por iso, outro dos obxectivos do PID 2020 dirixíase a acadar un incremento da poboación que realizaba compras online. Neste senso, o impacto da pandemia da COVID-19 durante o ano

2020, e as limitacións á mobilidade que implicou, supuxeron un punto de inflexión no que se refire ás compras online e as xestións coas Administracións Públicas a través de Internet.

Segundo os últimos datos dispoñibles do 2022, o 63,2% dos galegos/as en idades comprendidas entre os 16 e os 74 anos compraron na internet nos últimos 12 meses, fronte a un 67,9% nacional.



2.3. Estudiantes de enseñanzas STEM

Para que sexa posible a inclusión dixital é necesario que exista un elevado número de cidadáns con coñecementos no ámbito dixital. Un dos indicadores a ter en conta á hora de coñecer cal é o nivel de inclusión dixital dunha sociedade é a porcentaxe de persoas con coñecementos en ensinos coñecidos como STEM, que se refiren ás ciencias e tecnoloxía.

En Galicia, nos últimos 5 anos (2016-2021), o número de alumnos matriculados en Telecomunicacións,

Matemáticas, Informática e Química² foi tan só do 11,9%. Aínda que pode parecer unha porcentaxe baixa, o alumnado matriculado nestas disciplinas é unha tendencia á alza nos últimos anos.

No ano 2019, o 21,3% das matriculacións do Sistema Universitario de Galicia (SUG) correspondíase a ensinanza STEM, onde destacan as Enxeñarías Tecnolóxicas³, que representan preto dun terzo (31,4%) das matriculacións nestes estudos. A porcentaxe é moi superior nos ensinos de

² Compre mencionar que na elaboración dos datos para o ámbito universitario, a definición de STEM é máis ampla, incluíndo titulacións como enxeñarías químicas, agrarias ou obras públicas, entre outras.


³ Enxeñarías de Telecomunicacións, Informáticas e Industriais.

formación profesional STEM (23,4%), cun ritmo crecente nos últimos anos.

Con todo, existe unha clara fenda de xénero nas matriculacións das ensinanzas científico-tecnolóxicas. A pesares de que as mulleres son as que mais acceden a estudos universitarios no Sistema Universitario de Galicia, representando o 55,9% do alumnado no curso 2020-2021, as matriculacións

femininas en Telecomunicacións, Informática, Matemáticas e Química só representaron o 5% no Sistema Universitario de Galicia, fronte ao 16,1% nos homes.⁴

Esta fenda observase tamén nos ensinos non universitarios, onde os homes superan as mulleres matriculadas en ensinos STEM.



⁴ Ministerio de Educación y Formación Profesional. Estadísticas de Educación, EDUCA-BASE 2016-2021.



3. Os pasos dados para o impulso da inclusión e o talento dixital, principais activos de Galicia.

Os novos retos e expectativas derivadas dun mundo dominado pola crecente velocidade de transformación e innovación require preparar aos individuos para o cambio constante, propiciando novas formas de pensar, resolver problemas e ser creativos. É por iso que se traballou para impulsar a capacitación dixital dos galegos e galegas independentemente do seu nivel de coñecemento, salvando principalmente a primeira fenda dixital, a do acceso, así como a relacionada co aproveitamento das habilidades dixitais para poder acadar unha sociedade madura e autónoma dixitalmente.

3.1. Maior uso e adopción das tecnoloxías dixitais por parte de toda a cidadanía

Que o conxunto da cidadanía adquirira, manteña e afofde nos seus coñecementos e habilidades dixitais é un dos principais piares para prosperar na sociedade dixital e xestionar con éxito as transicións derivadas de distintos acontecementos vitais (enfermidade, busca de emprego, etc.).

No 2010 comezaron a sentarse as bases dun acceso universal ás TIC cun

programa de formación dixital gratuíta para o conxunto da sociedade, contando con instrumentos como o **Programa de Voluntariado Dixital (VolDIX)** ou a **Rede de Centros para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT)**, que tamén permitían o acceso libre e gratuíto a equipamento TIC contribuindo a reducir a fenda dixital.

Co Programa de Voluntariado Dixital (VolDIX), ponse en marcha unha nova vía para levar a cabo innovadoras formas de voluntariado a través da internet e a tecnoloxía.



Con este programa, trátase de incorporar a tecnoloxía á vida cotiá de todos os galegos e galegas, mediante a colaboración e compromiso de persoas voluntarias, co obxectivo de mobilizar á cidadanía cara unha Sociedade da Información e o Coñecemento.

O **Programa de Voluntariado Dixital (VolDIX)** é unha iniciativa posta en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia en colaboración coa Consellería de Política Social.

Desde 2016, VolDIX é un dos proxectos chave a ter en conta para definir as bases da nova estratexia de inclusión dixital da comunidade e que ten o obxectivo común de transformar á cidadanía galega nunha sociedade plenamente integrada na sociedade dixital.

A **Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT)**, é outro dos proxectos chave que contribuirá a definir a nova estratexia. A Rede caracterízase pola impartición de actividades formativas no campo da alfabetización dixital, a capacitación dixital e a innovación social dixital.

Estas dúas iniciativas son un exemplo do traballo da Administración en prol do fomento da igualdade de oportunidades na sociedade dixital e a conformación dunha cidadanía participativa e colaborativa, capacitada para utilizar servizos dixitais cada vez máis avanzados e afrontar con autonomía e eficacia as transicións derivadas de distintos acontecementos vitais.



O **Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 (PID)**, aprobado en 2016, definía un modelo global e universal de inclusión dixital para permitir a calquera persoa avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC,

independentemente do seu nivel de partida, camiñando cara a innovación social dixital.

Co PID teceuse un modelo de cooperación en rede cos axentes do ecosistema dixital, que no 2021 contou con máis de 950

aliad@s dixitais colaborando coa Xunta para achegar as TIC a un maior número de galegos e galegas: 195 entidades, asociacións, empresas e organismos públicos (41 mecenas, 148 entidades colaboradoras e 11 mentores dixitais), 91 concellos da Rede CeMIT e 666 persoas voluntarias.

Ao abeiro deste Plan traballouse en torno a tres eixes estratéxicos:

Eixe 1. Alfabetización dixital con actividades de formación e sensibilización para achegar as tecnoloxías dixitais á vida cotiá das persoas, prestando especial atención a aqueles colectivos ou grupos de persoas que teñen dificultades no acceso e uso das mesmas favorecendo o seu emprego de forma segura, o envellecemento activo e a mellora da súa calidade de vida.

Resultaron de especial relevancia as actuacións dirixidas ao colectivo de maiores e uso de dispositivos móbiles, producíndose unha redución significativa da fenda interxeracional, cun incremento na utilización de Internet nos últimos 3 meses nos grupos de 55-64 e 65-74 anos moi superior ao global.

Eixe 2. Capacitación dixital para elevar o nivel de coñecementos da cidadanía neste eido, promover un uso máis avanzado das tecnoloxías dixitais e, desta forma, aproveitar todo o seu potencial tanto a nivel persoal como profesional.

En concreto, promovéronse accións formativas e de capacitación e, desde 2014, apoiouse e recoñeceuse o esforzo da cidadanía e os empregados públicos neste eido, a través da **Certificación**

Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX). Este documento acreditaba posuír a combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións que as persoas necesitan para desenvolverse con eficacia e eficiencia no manexo de aplicacións ofimáticas, na xestión da información e documentación. Neste senso, apoiouse á inserción social e laboral das persoas con discapacidade favorecendo o seu acceso ao CODIX en colaboración con FSC Inserta (entidade de formación da ONCE) ou con exencións das taxas para a realización do exame.

No 2019 apostouse por evolucionar este modelo deseñando as bases do **novo marco galego de competencias dixitais**, tomando como referencia o marco común da Comisión Europea nesta materia, para acreditar as competencias dixitais dos galegos, de xeito similar a como se recoñecen os idiomas. E, ao longo do 2020, afondouse na tramitación do anteproxecto de decreto que regulará a certificación destas competencias.

Eixe 3. Innovación social dixital dirixido a fomentar o uso das tecnoloxías dixitais como resposta aos novos retos e desafíos sociais. Con este obxectivo, nos últimos anos brindouse apoio a un total de 18 proxectos de innovación social dixital no marco da iniciativa CeMIT-Innova, promovendo espazos participativos nos que a cidadanía se une para xerar innovación social dixital dende o ámbito local (poñendo en común inquietudes, identificando desafíos sociais, e dándolles respostas colectivas a través das tecnoloxías dixitais).

3.2. Resposta ás novas necesidades de capacitación do futuro

A disrupción dixital está dando lugar ao xurdimento de novas profesións e perfís profesionais que determinarán a capacidade de innovación e transformación dixital no ámbito público e privado como base para favorecer a competitividade e o crecemento.

Neste contexto xorde a necesidade de mellorar o coñecemento sobre a situación das vocacións tecnolóxicas en Galicia e a baixa acollida das carreiras neste eido entre os estudantes galegos. Nesta liña, en 2015 elaborouse o **“Estudo dos Factores Influentes na Elección de Estudos Tecnolóxicos en Galicia”** que deu como resultado a identificación dunha serie de ámbitos chave sobre os que actuar para potenciar o talento tecnolóxico da Comunidade incluíndo o propio alumnado (traballando sobre a autoeficacia, expectativas e intereses), a contorna máis próxima (características socioculturais ou influencia do círculo familiar) ou a contorna social (imaxe das profesións dixitais).

Complementando as conclusións anteriores sobre a oferta de talento dixital, no 2016 afondouse na caracterización do lado da demanda destes profesionais coa elaboración do estudo **“Novos Perfís Profesionais Dixitais nas Empresas de Galicia”**, que sinala que a oferta de profesionais dixitais en Galicia non está a medrar ao mesmo

ritmo que a demanda e pon de manifesto as dificultades que as empresas galegas experimentan á hora de encontrar profesionais TIC cos coñecementos e experiencia de interese para a súa organización.

Seguindo a mesma liña, no 2021 publicouse **“Talento Dixital: Estudo da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia”**, enfocado na análise da oferta do talento dixital galego. Ao abeiro da demanda crecente de integración das TIC en todos os sectores da actividade económica e ao papel estratéxico das titulacións STEM na actualidade, este informe estuda a formación, retención e inserción dos perfís STEM en Galicia así como as necesidades que o mercado demanda destes profesionais.

O estudo adquire especial relevancia no marco da Estratexia Dixital de Galicia 2030, que recolle como eixe estratéxico transversal a especialización tecnolóxica, centrándose no reforzo das capacidades e infraestruturas dixitais galegas en tecnoloxías disruptivas como a intelixencia artificial, a ciberseguridade, a intelixencia do dato e a tecnoloxía 5G, así como a adquisición das competencias precisas para empregalas no impulso da transformación tecnolóxica pública e privada.

Os resultados acadados no estudo amosaron que o 83,6% dos titulados en áreas STEM en Galicia incorporáronse ao mercado laboral nos dous anos seguintes ao rematar os seus estudos

universitarios.⁵ O tempo medio para obter emprego destaca nas Enxeñarías Tecnolóxicas, onde a busca se reduce aproximadamente a 5 meses fronte aos 11 no conxunto de graos universitarios STEM. Cabe salientar ademais que as mulleres egresadas neste tipo de Enxeñarías atopan emprego relacionado coa súa titulación 4 meses antes que os homes, aumentando a 7 meses no caso do grao en Matemáticas.

A estratexia integral para a xeración, retención e atracción de talento dixital en Galicia debe poñer especial atención na redución da fenda de xénero para combater a ausencia da perspectiva da muller nos novos desenvolvementos tecnolóxicos. Neste senso, nos datos analizados, a fenda nas retribucións dos titulados STEM é practicamente nula desde unha perspectiva global, aínda que se observa que o salario medio mensual en mulleres con titulacións tecnolóxicas ou Enxeñarías STEM supera á dos homes. A situación cambia radicalmente no eido dos graos de Ciencias e Matemáticas, onde a fenda crece ata mais de 340 euros en prexuízo das mulleres.

A retención de talento dixital na Comunidade Galega é unha das variables de maior interese no estudo da traxectoria profesional dos egresados e egresadas STEM, onde cobra importancia a localización e mobilidade no posto de traballo destes profesionais. O informe amosa que un 63,3% dos perfís STEM

galegos desenvolve actualmente un posto con tarefas propias do seu grao universitario e un 12,7% acadou postos de dirección ou mando na súa traxectoria profesional. Ademais, unha ampla maioría de titulados con este perfil (75,3%) desenvolve a súa carreira profesional en Galicia aos dous anos seguintes á finalización dos seus estudos e en todos os sectores produtivos, aínda que destaca o Sector TIC (29,8%) como principal fonte de emprego, fronte ás Actividades científicas e técnicas (22,3%), a Industria e Construción (20,3%) e a Administración Pública (14,9%). Un de cada catro titulados en STEM (24,7%) opta por traballar fora de Galicia nos dous anos seguintes a obtención da titulación: o 19,9% traballa actualmente no resto do territorio español, mentres que os que optan por outro país europeo son minoritarios, con porcentaxes que se sitúan por baixo do 5% en tódalas titulacións STEM.

O sector TIC é un dos máis resilientes, mantendo ano tras ano a súa capacidade xeradora de emprego: no período 2015-2019, o aumento da demanda destes perfís no sector TIC foi do 23,3%, crecendo un 1,9% no 2020.

Á vista destes datos, a Estratexia Dixital de Galicia 2030 sinala que é necesario garantir a retención e atracción destes especialistas para responder ás necesidades de transformación dixital actuais e futuras que enfronta a nosa

⁵ Unha visión desagregada da inserción laboral por titulacións reflexa que o 92,2% dos titulados en graos tecnolóxicos (Enxeñaría Informática, Enxeñaría Industrial e Enxeñaría en Telecomunicacións) encontraron

traballo nese período de tempo, fronte ao 89% no resto de Enxeñarías STEM e o 68,8% nos graos de Ciencias e Matemáticas.

comunidade. De feito, co escenario actual de crecemento do sector tecnolóxico galego, prevese que nun horizonte quinquenal se xeren máis de 4.500 novos postos de traballo, e polo de agora, case tres de cada catro empresas TIC da nosa comunidade indican que xa atopan dificultades para cubrir os postos que requiren este tipo de titulacións.

Sen embargo, as carreiras STEM non resultan tan atractivas para os mozos e mozas galegos fronte ao resto da oferta académica universitaria e o alto nivel de inserción laboral que arrojan os datos do estudo contrasta coa desaceleración no incremento do número de estudantes matriculados e titulados STEM nos últimos anos: só aumenta un 2,6% fronte ao conxunto de estudos universitarios que medraron un 10,3% no período 2015-2019. No 2019, estaban matriculados en graos STEM 12.996 alumnos e alumnas, só un 21,3% do total no alumnado do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Desde unha perspectiva de xénero, a metade de alumnos matriculados no conxunto de graos universitarios do SUG son mulleres, mentres que do total do alumnado no ámbito dos graos STEM a porcentaxe de mozas matriculadas cae ao 43,4%. Unha análise mais profunda mostra que dentro das titulacións STEM, as mulleres elixen con máis frecuencia a rama de ciencias, acadando dous terzos das matriculacións. Sen embargo, non ocorre o mesmo na rama tecnolóxica: nas enxeñarías e graos universitarios tecnolóxicos os homes son ampla maioría, reducíndose ata un 16,8% a presenza feminina nas Enxeñarías informáticas, industriais e de telecomunicacións.

A dixitalización da economía repercute na velocidade coa que os profesionais deste eido deben adquirir novas habilidades e competencias en torno ás novas tendencias tecnolóxicas para e dar resposta aos novos desafíos do mundo laboral. En torno a un terzo dos titulados STEM (30,1%) continúa cursando estudos universitarios tras obter a súa titulación, superando a media do conxunto do SUG (17,6%). Case un 25% decántase pola formación non regrada en centros privados e un 21,3% amplía a súa formación cun segundo título universitario, contando así con dobre titulación. Os mestrados, doutoramentos e cursos de especialización destacan entre os instrumentos de adaptación ás novas profesións dixitais, acadando un 68,1% os perfís STEM que amplían as súas capacidades dixitais a través deste tipo de estudos. Destes, a metade dos egresados/as cursa estudos de mestrado e un 46,5% opta polo doutoramento.

Con todo, na actualidade, tres de cada catro empresas do sector TIC de Galicia manifestan dificultades para cubrir postos que requiren titulación STEM e identifican como factores obstaculizantes a falta de experiencia dos candidatos (56,3%), ou carencia de candidatos con formación STEM (36%) ou coñecemos TIC (23,9%).

As persoas con grao universitario científico-tecnolóxico son a principal forza de traballo do sector TIC no marco da transformación dixital a causa da incorporación de tecnoloxías disruptivas aos procesos do tecido produtivo e á súbita dixitalización desencadeada pola crise da COVID-19. Neste escenario de

demanda crecente, segue a aumentar a fenda de perfís especializados. A análise pormenorizada das áreas profesionais actuais detecta a irrupción de novos perfís e a evolución cara roles profesionais baseados en novas tendencias dixitais: a economía do dato, a ciberseguridade, o internet das cousas (IoT), as fabricas do futuro e as tecnoloxías medioambientais acadan un papel destacado no hipersector tic. Entre as demandas máis destacadas das empresas TIC galegas, o 38,8% das dedicadas á *Smart Factory* indican carencias formativas nesta área. Na mesma liña, máis do 30% das entidades consultadas demandan persoal con formación en tecnoloxías medioambientais e *Big data*, e o 25% sinala a necesidade de especialización en innovación dixital, IoT, ciberseguridade, *open data* e automatización.

A Estratexia Dixital de Galicia 2030, seguindo as liñas europea e estatal, xa viu identificando como prioritario o impulso á promoción do talento dixital para reducir a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento, e estableceu como obxectivo que o 20% das empresas TIC de Galicia contén con especialistas en Ciberseguridade, Intelixencia ou Datos. Neste senso, a nivel europeo, prevese que en 2030 o 74% dos profesionais TIC posúan cualificacións de grao superior, e España Dixital fixa unha meta de 20.000 novos especialistas en ciberseguridade, Intelixencia Artificial e Datos.

Os datos concluídos no estudo sobre a percepción das empresas TIC nas carencias formativas dos titulados servirán de apoio na modernización e

redeseño da formación e de referencia para que os actuais egresados e egresadas STEM desfruten de novas oportunidades laborais optando polas especializacións máis demandadas. O conxunto de axentes que conforman o ecosistema dixital galego, en colaboración coas universidades, deberán formar a un maior número de especialistas dixitais e crear unha contorna adecuada para asegurar o desenvolvemento da traxectoria profesional na nosa Comunidade.

3.3. Redución da fenda entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital

A capacitación e motivación desde idades temperás das persoas que o día de mañá estarán á fronte da toma de decisións, obrigadas a pensar e actuar con destreza nunha contorna dominada pola constante evolución tecnolóxica, resulta fundamental para que acaden un desenvolvemento pleno tanto a nivel persoal como profesional.

Neste senso a Xunta de Galicia desenvolveu nestes anos unha batería de actuacións de sensibilización, capacitación e formación TIC coas que se comezou a traballar neste eido, en colaboración con axentes do ecosistema dixital como o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e o Colexio Profesional de enxeñaría técnica en informática de Galicia (CPETIG):

- Campaña “**1 mes, 1 profesión dixital**” (2015-2016) para concienciar a xuventude e/ou experimentados

profesionais da necesidade de ter coñecementos dixitais sólidos e da evolución destes, ao mesmo ritmo que o fan as tecnoloxías.

- Evento "**Scratch Day**" (2015-2017), para achegar aos participantes de forma lúdica e divertida ao mundo da programación, tomando conciencia da potencia desta ferramenta como medio de expresión de ideas e vehículo para o emprendemento.
- Programa **Rapaciñ@s** (2015-2017) para difundir o uso seguro das tecnoloxías e as profesións dixitais entre os máis novos, prestando especial atención a superar a fenda de xénero nas profesións TIC a través da divulgación do labor de mulleres na informática.
- Xornada "**Transformación Dixital e Talento**" (2017) con preto de 200 asistentes conectando a empresas, universidades e estudantes ao redor da economía dixital.


No 2017 lanzouse o **Plan de Promoción de Talento Dixital 2020, DigiTalent**, tomando o relevo das iniciativas anteriores e dando resposta ás claves e retos identificados anteriormente. Un Plan que se conformou como un compromiso compartido cara ao impulso do talento tecnolóxico na Comunidade, aberto á reflexión conxunta e contando coa participación de todos os axentes do ecosistema dixital; entre os que están as empresas

asinantes do Pacto dixital de Galicia para impulsar o crecemento tecnolóxico da Comunidade.

DigiTalent combina actuacións dirixidas aos diferentes perfís da cidadanía segundo o punto no que se atopen no seu ciclo vital:

- **Infancia e adolescencia:** con actividades para espertar, motivar e potenciar as vocacións STEM desde idades temperás traballando sobre os factores que determinan a elección de estudos STEM e considerando a perspectiva de xénero.
- **Xuventude:** medidas dirixidas a impulsar os novos perfís dixitais co obxectivo de reverter o gap de competencias dixitais para cubrir os postos vacantes e/ou adaptar a man de obra actual aos novos requirimentos da dixitalización.
- **Madurez:** recollendo actuacións para promover as capacidades de e-liderado que permitan ás persoas identificar, crear e explotar oportunidades derivadas da innovación dixital maximizando o valor das súas organizacións.

O catálogo DigiTalent sumou ata 39 actuacións disintas, incluíndo as lideradas integramente por empresas colaboradoras, e no seu conxunto conseguiron chegar a máis de 21.000 persoas.





Eixe 1. PECHAR A FENDA DIXITAL EN GALICIA ASEGURANDO A PARTICIPACIÓN EFECTIVA DE TOD@S @S GALEG@S NO CONTEXTO DIXITAL

Durante moitos anos, estívoase escoitando falar da fenda dixital, pero de súpeto, considerouse un tema primordial que se debe solucionar.

Esta brecha fai referencia á desigualdade no acceso, uso ou impacto das tecnoloxías entre os cidadáns, a cal, pode ser considerada de acceso ou de uso.

A fenda dixital de acceso é unha das máis habituais, mediante a cal imposibilita aos cidadáns para dispoñer calquera recurso dixital, mentres que a fenda dixital de uso consiste na falta de competencias dixitais que dificulta o uso da tecnoloxía.

Esta desigualdade no acceso tamén está considerada como unha forma de exclusión social, xa que impide a participación das persoas en situación de vulnerabilidade. Na medida que diminúa esta fisura, estaremos a afianzar unha estrutura máis segura para a cidadanía, tanto no que se refire á posibilidade de acceder ás ferramentas dixitais, como ás necesarias competencias para a súa utilización posterior.

Por todo iso, trátase de equiparar as oportunidades da cidadanía para que poidan gozar duns servizos dixitais cada vez máis avanzados e afrontar con autonomía e eficacia as transicións derivadas dos distintos momentos da traxectoria vital.



ALFABETIZACIÓN DIXITAL PARA COLECTIVOS VULNERABLES.

Consiste nun proceso mediante o cal aprendemos unha serie de ferramentas e instrumentos básicos, os cales nos van a posibilitar, entre outras cousas, comunicarnos a través dun medio virtual.

Reducir as desigualdades dixitais para mellorar a capacidade de autonomía daquelas persoas en situación de desvantaxe social, illamento ou dependencia de modo que poidan afrontar novos retos ou dificultades de forma autónoma empregando as tecnoloxías dixitais.

Sen dúbida, educar de maneira dixital capacita, posibilita e abre novas vías non só de integración social, senón tamén de participación dos colectivos máis vulnerables. Cando estes colectivos coñecen e saben aproveitar as oportunidades que lles ofrece a tecnoloxía, aumentan as súas posibilidades de formarse e, en consecuencia, as súas posibilidades de ter un futuro mellor. "As tecnoloxías dixitais impregnan a nosa vida profesional e privada, o feito de contar polo menos cunha alfabetización e unhas competencias dixitais básicas

converteuse nunha condición previa para participar de maneira efectiva na sociedade actual.”

Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións “Configurar el futuro digital de Europa”, COM(2020) 67 final.

2

CAPACIDADES PARA SABER ENVELLECER E DESFRUTAR DE TODAS AS ETAPAS DA VIDA.

Cada vez máis, as persoas de idade avanzada, anhelan ampliar coñecementos e habilidades co fin de participar dunha maneira máis activa e completa na sociedade.

Pódese dicir que teñen unha motivación e tamén contan con habilidades e competencias e, sobre todo, experiencia para seguir formándose e estar ao día, é dicir, non manterse á marxe da sociedade na que viven. A pesar diso, tamén teñen unha serie de limitacións relacionadas co uso das tecnoloxías.

Mediante estas capacidades, preténdese preparar á poboación desde idades temperás para o envellecemento ou a xubilación aproveitando o potencial das tecnoloxías dixitais para contribuír a mellorar o seu estilo de vida, saúde ou

benestar e que se sentan máis seguras, acompañadas e conectadas.

“O papel das persoas adultas ou de idade avanzada, non só como obxectos de atención, senón como recursos da comunidade, promovendo a súa participación na vida social, civil, económica e cultural, e fomentando a creación de vías para a autonomía e o benestar nos seus contextos de vida habituais”.

EIXE 1- Ditame do Comité das Rexións “Cambio demográfico: propuestas para cuantificar y afrontar los efectos negativos en las regiones de la UE”, COR-2019-04647-00-02-AC-TRA.

3

COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS PARA TODOS.

Supoñen un conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e estratexias que se requiren para o uso dos medios dixitais e das tecnoloxías de información e comunicación.

Co emprego das competencias dixitais básicas, quérese garantir que todas as persoas con independencia da súa idade, considerando especialmente a perspectiva de xénero, poidan dispoñer das capacidades necesarias para facer fronte ás transformacións

socioeconómicas derivadas da transición dixital, capacidade de consumo crítico para tomar decisións informadas, ser resilientes e actuar con responsabilidade.

“As capacidades dixitais básicas deberían formar parte das capacidades básicas transferibles que todas as persoas deberían ter para poder desenvolverse a nivel persoal, participar no conxunto da

sociedade como cidadáns activos, utilizar os servizos públicos e exercer os seus dereitos básicos”.

EIXE 1 - *Comunicación da Comisión, ao Consello, ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social Europeo “Plan de Acción de Educación Digital 2021-2027. Adaptar la educación y la formación a la era digital”. COM (2020) 624 final.*

Eixe 2. PROMOVER A ADQUISICIÓN, REFORZO E ACTUALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS DIXITAIS PARATODOS OS PROFESIONAIS.

As competencias dixitais son consideradas para facilitar o uso dos dispositivos dixitais, as aplicacións de comunicación e as redes para acceder á información e polo tanto, levar a cabo unha mellor xestión das mesmas.

As competencias dixitais básicas, é dicir, as competencias funcionais esenciais para o uso dos dispositivos dixitais e as aplicacións, son parte fundamental da nova gama de competencias en alfabetización durante a era dixital.

Doutra banda, nun nivel máis avanzado, permiten que os usuarios saquen proveito das tecnoloxías dixitais de maneira útil e transformacional.

Por iso, preténdese abordar a adaptación proactiva de empresas, administracións e as persoas traballadoras para ofrecer unha resposta áxil ante cambios nas rutinas de traballo ou patróns de consumo derivados do progreso das tecnoloxías dixitais.



ADAPTACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS Á CONTORNA DIXITAL.

O auxe da era dixital e o crecemento de mercados altamente competitivos, os cales cada día fanse máis maduros e esixentes, obrigan ás empresas a reaccionar fronte a certos desafíos esixindo investir e capacitar aos seus equipos no mundo dixital.

Promover a capacitación dos profesionais de todos os sectores económicos en

resposta aos requirimentos da transición dixital e novos modelos de negocio propicia a creación de oportunidades de emprego e maiores niveis de produtividade.

“O futuro do traballo é o agora: (...) os cambios no mercado laboral, (...) son irreversibles: (...) a automatización e os novos modelos de negocio, como a

economía de plataformas, que están propiciados pola tecnoloxía dixital.” Comisión Europea, “El futuro del trabajo: Conferencia de alto nivel para debatir la

manera en que la UE puede afrontar los retos y aprovechar las oportunidades”, 2019.

2

COMPETENCIAS E HABILIDADES DIXITAIS D@S EMPREGAD@S PÚBLICOS.

A competencia dixital converteuse nun tema prioritario para as institucións responsables de prover, xestionar e acreditar a formación continuada, ou ben precisan da incorporación de profesionais que deben desenvolver boa parte da súa actividade laboral apoiados no uso de novas tecnoloxías.

Potenciar a capacitación dixital do persoal empregado público da administración autonómica e das restantes administracións do territorio é mester para o aproveitamento eficiente dos medios dixitais na prestación dos servizos públicos, atendendo ás necesidades específicas do seu ámbito laboral.

“A transformación dixital está a cambiar os hábitos de traballo, o contido dos empregos e as profesións (...) o sector público e as empresas deben ser capaces de renovarse e de reciclar aos seus traballadores”

EIXE 2 – Comité das Rexións, ditame “Una Europa digital para todos: promover soluciones inteligentes e integradoras sobre el terreno”, COR-2019-03332-00-00-AC-TRA.

3

IMPULSO DE COMPETENCIAS DIXITAIS ESPECÍFICAS.

A rápida transformación dixital da economía e a sociedade converteu ás competencias dixitais en ferramentas básicas para poder aproveitar as oportunidades que se ofrecen.

Por iso, mediante estas acreditacións, preténdese apoiar ás persoas para presentar e poñer en valor a súa capacitación dixital a través de

instrumentos para o recoñecemento e validación da competencia dixital e o deseño dos itinerarios formativos correspondentes.

“O 90% dos postos de traballo esixe certo nivel de competencias dixitais en calquera que sexa o sector.” *Informe “Coalición por las capacidades y los empleos digitales”. Comisión Europea. Ano 2015.*

Eixe 3. IMPULSAR AS VOCACIÓNS E TALENTOS DIXITAIS AVANZADAS PARA LOGRAR UNHA GALICIA CAPAZ DE LIDERAR O CAMBIO TECNOLÓXICO.

As competencias dixitais básicas son esenciais para permitir aos cidadáns desenvolverse nunha sociedade na que necesitan utilizar medios dixitais para comunicarse, adquirir bens e servizos ou relacionarse coa Administración Pública.

Os traballadores necesitan dispoñer de talentos dixitais específicos, os cales se atopan unidos á relación laboral que poidan desempeñar. Tamén, é importante dispoñer de talentos dixitais especializados para satisfacer o incremento da demanda de especialistas en tecnoloxías dixitais, tanto máis xerais como máis desenvolvidos como pode ser o caso da Intelixencia Artificial, a ciberseguridade etc.

Doutra banda, é necesario superar a fenda de xénero no uso da tecnoloxía dixital e apostar pola formación das mulleres en estas capacidades e/ou habilidades e estudos STEM, todo iso para lograr unha maior porcentaxe de mulleres especialistas en tecnoloxías dixitais.

Por iso, preténdese dotar á Comunidade dun capital humano preparado para a transformación dixital, especialmente promovendo as competencias dixitais avanzadas vinculadas a ámbitos cruce como a ciberseguridade ou a IA e prestando especial atención á fenda de xénero.

1

TALENTO PRECOZ NO ÁMBITO DIXITAL.

Actuacións que levan a cabo para estimular o talento precoz no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación, así como fomentar o atractivo vocacional de profesións científico tecnolóxicas entre os máis novos.

Actualmente, atopámonos nun desafío o cal se centra na procura de propostas innovadoras no ensino das disciplinas tecnolóxicas, co obxectivo de promover iniciativas que fomenten o aumento das vocacións STEM.

Por iso, preténdese despertar, motivar e potenciar estas vocacións, estimulando desde idades temperás a curiosidade cara a este ámbito promovendo as destrezas tecnolóxicas pero tamén outras habilidades e capacidades como a dispoñibilidade dos valores éticos e capacidade crítica para convivir na contorna dixital.

“Os plans educativos dixitais deberían promover a cidadanía activa, agudizar o pensamento crítico e capacitar ás persoas desde unha idade temperá para unha crecente interacción coa IA”.

EIXE 3 -*Ditame do Comité das Rexións "Libro Blanco sobre la inteligencia artificial: un enfoque europeo orientado a*

la excelencia y la confianza", COR-2020-02014-00-00-PAC-TRA.

2

POTENCIACIÓN DA PRESENZA DA MULLER NO EIDO DIXITAL.

A aparición das novas tecnoloxías cambiou a nosa forma de traballar e de relacionarnos.

Os novos emprendedores necesitan sumarse a este proceso de transformación dixital para non quedar obsoletos.

Ben utilizada, a tecnoloxía ofrece un gran potencial para xerar novas oportunidades de negocio.

Apoiar e promover a redución da fenda de xénero, e así, desta forma contribuír ao aumento da taxa de mulleres en carreiras técnicas para combater a ausencia de perspectiva da muller nos novos desenvolvementos dixitais.

A capacitación é considerada a mellor forma de reducir a fenda dixital. Para avanzar cara á igualdade de xénero é necesario mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, para promover o aumento das mulleres.

3

TALENTO ESPECIALIZADO

Coas novas xeracións entrando á forza laboral veñen grandes retos de transformación que fan cada vez máis necesario entender o mercado laboral para ser máis competitivo.

Co desenvolvemento do talento especializado conséguese aumentar a xeración, retención e atracción de especialistas capaces de aplicar con éxito novas tendencias tecnolóxicas para responder as necesidades de transformación dixital actuais e futuras, contemplando o reforzo das capacidades

non só dos perfís técnicos senón tamén a converxencia con disciplinas sociais, xurídicas e humanísticas para garantir o desenvolvemento de solucións dixitais utilizables e responsables.

"Non será posible abordar ningunha transformación profunda sen contar coas persoas cos coñecementos para saber aplicar as novas tendencias dixitais que serán clave para o futuro". Comité Expertos Académicos EDG2030.

5. Mapa de medidas para a inclusión e o talento dixital

Unha vez detallados cada un dos eixes nos que se vertebra o Plan no apartado anterior, convén detallar un mapa de medidas distintivas para a inclusión e o talento dixital asociado a cada un dos eixes.

EIXE 1. Pechar a fenda dixital en Galicia asegurando a participación efectiva de tod@s @s galeg@s no contexto dixital.

Centrado en equiparar as oportunidades da cidadanía para que poidan desfrutar duns servizos dixitais cada vez máis avanzados e afrontar con autonomía e eficacia as transicións derivadas de distintos momentos da traxectoria vital. Para iso, traballárase en torno a:



E1.1 - InclúeTech

Desenvolvemento de actuacións de formación, información, sensibilización e asesoramento en torno a temáticas específicas de interese, necesidades identificadas ou vinculadas a determinados grupos (p.e. uso de dispositivos móbiles, confianza dixital/ uso

seguro de Internet, ...) e impulso de actuacións de apoio para facilitar o acceso a equipamento e conectividade por parte daqueles colectivos máis vulnerables.



Iniciativas estratéxicas:

- **Programa de inclusión dixital:** Realización de cursos, charlas, talleres, asesoramentos personalizados,...sobre o manexo da tecnoloxía e a adquisición de coñecementos e habilidades dixitais tanto de forma online coma presencial, especialmente a través da Rede de aulas CeMIT que levarán a cabo un proceso de modernización cunha transformación dos seus espazos e novo equipamento tecnolóxico punteiro nos máis de 90 concellos que contan con aulas CeMIT e adicionalmente ampliarase este servizo a todos os concellos de Galicia a través dunha aula móbil itinerante, totalmente equipada, polo que todos os galegos e galegas terán ao seu alcance a posibilidade de empregar puntos de acceso para o uso libre do equipamento e conectividade así como a formación en inclusión dixital, atendendo aos colectivos máis vulnerables, especialmente no rural.
- **Programa de axudas ás familias máis vulnerables:** Emisión de bonos de conectividade dixital (bonos dixitais) para colectivos vulnerables. Estes contribúen a financiar a contratación de novos servizos de conexión a banda ancha ou o incremento da velocidade dos xa contratados coa tecnoloxía máis adecuada en cada caso para persoas ou unidades familiares identificadas como vulnerables, todo iso coa finalidade de garantir unha conectividade dixital adecuada para toda a poboación. A pandemia puxo de manifesto a importancia e a necesidade de levar esas oportunidades a todas as persoas, e para garantir os novos servizos requírese dotar de conectividade suficiente a aqueles colectivos especialmente vulnerables a fin de que poidan acceder aos servizos básicos e non quedar atrás.

E1.2 - SilverTech

Impulso de actividades de experimentación e interacción para implicar aos grupos de maior idade na creación ou mellora dos servizos dispoñibles, detección preferencias ou patróns de comportamento e actuacións formativas e informativas exercendo de escaparate para presentar e dar visibilidade aos servizos dixitais, solucións e ferramentas tecnolóxicas que a Administración pon a disposición da cidadanía.



Iniciativas estratéxicas:

- **Programa de concienciación sobre o uso de servizos dixitais e ciberseguridade:** Realización de xornadas para dar a coñecer entre o colectivo de persoas maiores os diversos servizos dixitais dispoñibles para o seu uso e mellora da súa calidade de vida, creando e despertando o seu interese, así como formando no eido da ciberseguridade, para garantir un uso adecuado e seguro con toda a tranquilidade por parte das persoas maiores.
- **Programa de colaboración con persoas maiores:** O obxectivo do programa é combater a fenda dixital e mellorar as competencias tecnolóxicas deste colectivo, axudándolles a comprender o uso e aplicación dos novos dispositivos dixitais. Do mesmo modo, tratar de mellorar a vida cotiá destas persoas grazas aos beneficios das novas tecnoloxías, promovendo a súa autonomía persoal e social.

E1.3 - DixitalizaTech

Fomento de accións formativas e actividades de sensibilización e divulgativas para reforzar a capacitación dixital básica e o recoñecemento destas competencias para o conxunto da cidadanía, considerando todas as idades, fomentando os valores éticos e capacidade crítica necesarios para desenvolverse con éxito na nova sociedade dixital.



Iniciativa estratéxica:

- **Certificación galega de competencias dixitais para a cidadanía:** Realización de actividades formativas para a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes dixitais e a acreditación oficial destes coñecementos por parte da cidadanía, partindo da certificación inicial en competencias dixitais en ofimática e a súa evolución co novo Marco galego de competencias dixitais.

EIXE 2. Promover a adquisición, reforzo e actualización das competencias dixitais de todos os profesionais.

Orientado a abordar a adaptación proactiva de empresas, administracións e as persoas traballadoras para ofrecer unha resposta áxil ante cambios nas rutinas de traballo ou patróns de consumo derivados do progreso das tecnoloxías dixitais; abordando:

 Adaptación das persoas traballadoras á contorna dixital Promover a capacitación dos profesionais de todos os sectores económicos propiciando a creación de oportunidades de emprego a maiores niveis de produtividade. Profesionaliza-Tech	 Competencias e habilidades dixitais d@s empregad@s públicos Potenciar a capacitación dixital do personal empregado público para o aproveitamento eficiente dos medios dixitais na prestación dos servizos públicos AdministraTech	 Impulso de competencias dixitais específicas Apoloar ás persoas a poñer en valor a súa capacitación dixital a través de instrumentos para o recoñecemento e validación da competencia dixital Marco galego de competencias dixitais
---	--	--

E2.1 – Profesionaliza-Tech

Promoción de actuacións de formación e acompañamento para a capacitación e adaptación das persoas traballadoras de todos os sectores aos cambios que a transformación dixital producirá nos seus empregos, mantendo a súas competencias actualizadas e adquirindo as necesarias para seguir xerando valor no marco das organizacións.



Iniciativas estratéxicas:

- Programa ReAccionaTIC: Ofrece servizos de asesoramento e soporte para impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas actuacións vinculadas á dixitalización e acompañándoas no seu proceso de transformación dixital permitindo a definición dunha estratexia dixital da empresa, a definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade, o apoio na adopción de solucións de xestión empresarial en mobilidade ou o deseño dunha estratexia de marketing de contidos, entre outros.

E2.2 - AdministraTech

Fomento de accións de formación e capacitación do persoal empregado público para poder afrontar os retos tecnolóxicos e normativos derivados da administración dixital para que poidan desempeñar a súas funcións neste contexto e intensificar o uso dos servizos dixitais.



Iniciativa estratéxica:

- Proxecto "Plan de capacitación dixital do empregado público: Organización e realización da formación do persoal da administración impulsada pola Escola Galega de Administración Pública, EGAP, co obxecto de mellorar as competencias dixitais, evolucionando este Plan en base ao novo Marco galego de competencias dixitais e complementándose con coñecementos específicos no funcionamento da administración dixital.

E2.3 - Marco galego de competencias dixitais

Realización de actividades de capacitación e avaliación das competencias dixitais específicas tanto para persoal empregado público como para persoas traballadoras doutros sectores e desenvolvemento de actuacións e mecanismos para recoñecer formalmente a certificación de competencias dixitais.



Iniciativa estratéxica:

- Certificado de competencia dixital: O Marco Galego de Competencia Dixital, establecido pola Ledixga, está orientado ao público en xeral, onde estas actividades están dirixidas para establecer un recoñecemento formal das competencias dixitais mellorando a capacitación.

EIXE 3. Impulsar as vocacións e talentos dixitais avanzados para lograr unha Galicia capaz de liderar o cambio tecnolóxico.

Dirixido a dotar á Comunidade dun capital humano preparado para a transformación dixital, especialmente promovendo as competencias dixitais avanzadas vinculadas a ámbitos clave como a ciberseguridade ou a IA e prestando especial atención á fenda de xénero. Así, impulsaranse actuacións vinculadas a:



E3.1 - Digiclan

Impulso de accións lúdico-formativas, divulgativas e dinámicas de inmersión tecnolóxica que acheguen a nenos e nenas desde idades temperás ás novas tendencias tecnolóxicas e melloren a autopercepción e reforcen as súas capacidades dixitais; especialmente entre as nenas. A través destas actuacións, darase visibilidade ás profesións dixitais e a súa achega de valor á sociedade, poñendo en valor o rol das mulleres.



Iniciativas estratéxicas:

- **Programa Tech Kids:** Realización de iniciativas, encontros, talleres, ... nos que os nenos e nenas superan desafíos ou espertan as vocacións STEM desde idades temperás a través de talleres e actividades lúdico-formativas en diferentes temáticas como os videoxogos, a robótica, a animación 3D, a ciberseguridade ou os drons, co obxectivo de involucralos na investigación, a tecnoloxía e a ciencia poñendo en práctica o talento dixital e amosando a capacidade de resolución de problemas ao tempo que desenvolven competencias persoais a través dunha contorna amistosa e colaborativa.
- **Programa Campamento Digitalia:** Os campamentos Digitalia, están centrados no fomento das vocacións tecnolóxicas entre os/as máis novos/as a través do desenvolvemento de actividades que lles permitan achegarse ás tecnoloxías dunha forma práctica e lúdica. Con este programa, preténdese estimular o talento precoz no ámbito TIC e fomentar o atractivo vocacional das profesións científico-tecnolóxicas entre a poboación máis xove.
- **Espazos maker no GaiásTech e na Rede CeMIT:** Desenvolvemento de obradoiros e iniciativas creativas e innovadoras en espazos dotados con equipamento tecnolóxico interactivo: impresoras 3D, drons, lentes de realidade virtual ou kits de robótica e programación.

E3.2 - Feminino Dixital

Desenvolvemento de actuacións para orientar e brindar apoio específico ás mulleres nas distintas etapas e momentos críticos ao longo da súa traxectoria vital para motivalas e propiciar que as súas eleccións de estudos e decisións de carreira profesional lles permitan progresar no ámbito dixital.



Iniciativa estratéxica:

- **Programa Girl STEAM:** Impulsa a realización de talleres formativos prácticos e presenciais para crear referentes, visibilizar roles e motivar as vocacións tecnolóxicas entre o alumnado feminino e empoderalas para que aposten por carreiras STEAM guiadas por unha rede de profesionais de recoñecido prestixio.

E3.3 - DigiLeaders

Accións formativas, de sensibilización e asesoramento que permitan a profesionais ou estudantes adquirir competencias dixitais avanzadas, especialmente en tecnoloxías disruptivas (IA, ciberseguridade, 5G); así como complementar a formación de persoas doutras disciplinas cara o ámbito dixital para que poidan liderar a aplicación das tecnoloxías dixitais nos distintos campos; e estimular as capacidades emprendedoras e transversais para desenvolver unha mentalidade de liderado dixital.



Iniciativa estratéxica:

- Espazos de networking e webinars sobre tecnoloxías disruptivas: Creación de espazos de debate, opinión, coñecemento e networking coa participación de persoas expertas en diversas materias no eido das competencias dixitais avanzadas e das tecnoloxías disruptivas.



6. Modelo de Gobernanza e Dinamización do Plan

6.1 Novo modelo de gobernanza




Os diferentes axentes do ecosistema social interrelaciónanse e entrelazan os seus esforzos establecendo dinámicas de colaboración entre a administración, representada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Federación Galega de Municipios e Provincias, Fegamp, os concellos e os axentes colaboradores (empresas, profesionais, asociacións, colexios profesionais, universidades) e a cidadanía.

Os grandes proxectos que entrelazan, debuxan e xestionan as liñas de acción que impulsan os proxectos colaborativos (o Pacto Dixital de Galicia, os convenios, as relacións establecidas no marco da

resolución de aliad@s dixitais, a Rede CeMIT e o Programa VOLDIX) completan este circuíto de colaboración público-privada.

Ata a data, os diferentes axentes do ecosistema dixital que vimos de enumerar interactuaban a través dunha arquitectura sustentada en 2 marcos de interrelación: o que debuxaba o Plan de Inclusión Dixital, e o definido no Plan de Promoción do Talento dixital.



No seo do novo Plan o obxectivo é empregar un **mecanismo de gobernanza único** que propicie un sistema máis activo, e que inclúa á totalidade dos axentes, definindo os seus compromisos e obrigas baseándose na súa capacidade de acción, ao tempo que proporcionando unha serie de incentivos que estimulen a proactividade dos axentes.

Este mecanismo estenderase á totalidade das iniciativas de inclusión e talento dixital impulsadas desde a Xunta de Galicia, inseridas na Estratexia Galicia Dixital 2030 e neste novo Plan de Inclusión e Talento Dixital.

Os axentes que se adscriban a este modelo, cuxa cabeza motora será a Amtega, pasarán a considerarse **Impulsores Dixitais**.

Como complemento a este modelo de gobernanza centrado na figura do Impulsor Dixital continuarán funcionando os modelos e mecanismos existentes actualmente, pero baixo unha visión e organización conxunta. Deste xeito, o Pacto Dixital e os Convenios de Colaboración continuarán en funcionamento, así como o desenvolvemento operativo do Programa de Voluntariado Dixital e a Rede CeMIT.

Neste modelo preténdese que a colaboración cobre un sentido reforzado, no que os axentes intervirán de cara ao resto da sociedade para espallar a súa actividade co obxectivo de reforzar a inclusión e o talento dixitais.

6.2 Indicadores

Neste Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia establecéronse tres eixos estratéxicos que vertebrarán e guiarán o cumprimento da misión definida.

Neste senso, faise necesario medir e avaliar o grao de avance das diferentes

iniciativas contempladas no seo de cada eixe, para levar un control eficaz da súa execución e resultados que facilite a toma de decisións e axude a focalizar os esforzos.

Así, o Plan fixa para 2025 os seguintes obxectivos:

Indicador	Valor obxectivo 2025
Deseño e posta en marcha das plataformas tecnolóxicas para a xestión e acreditación do marco galego de competencias dixitais	SI
Número de persoas capacitadas ou acreditadas no marco galego de competencias dixitais con competencias básicas	45.790
Persoas con competencias dixitais básicas	>70%
Mulleres con competencias dixitais básicas	>70%
% de mulleres no hipersector TIC	32,9%
Nº de actividades planificadas para a promoción do talento dixital e o fomento da presenza da muller en carreiras e profesións no eido dixital	66
Nº de aulas CeMIT dixitalizadas (adaptadas ás últimas tendencias tecnolóxicas no marco do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT)	90
Nº de horas de formación dixital e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía na Rede CeMIT	140.000
Nº de persoas usuarias da Rede CeMIT	128.110
Persoas que realizan trámites coas administracións a través da canle dixital	70%
Persoas que compran a través da canle dixital	75%
Nº de bonos dixitais para colectivos vulnerables	5.744

6.3 Modelo de seguimento e control

O **Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital** abrangue un horizonte temporal de dez anos, nos que se levarán a cabo as actuacións e obxectivos definidos nos eixos estratéxicos que se desenvolven no presente documento. O modelo de avaliación e seguimento previsto artículase inspirándose na filosofía participativa e colaborativa, contando coa implicación dos axentes do ecosistema dixital.

O rol dinamizador da Amtega

O Plan constitúe un documento vivo, deseñado de xeito flexible e conectado coa realidade galega; axustándose ao longo da súa vixencia ás necesidades da rexión e respondendo á evolución dos retos que afronta Galicia. Neste senso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), será a entidade responsable da toma de decisións en canto a posibles **reformulacións ou revisións** do Plan, ben por iniciativa propia ou a proposta doutros *stakeholders*.

Ademais, a Axencia, como entidade encargada do deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e a coordinación coas distintas Consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, asumirá as **funcións de seguimento** do correcto desenvolvemento do Plan, a través dun proceso de monitorización continuada dos obxectivos acadados e a súa avaliación.

Fitos para o seguimento e a avaliación

Para medir o cumprimento dos obxectivos establecidos, levarase a cabo un seguimento continuo dos mesmos, e sobre este, un proceso de avaliación co obxecto de obter en termos de resultado e impacto das actuacións emprendidas desde a posta en marcha do Plan de Inclusión Dixital para Galicia.

– Seguimento continuo dos obxectivos

O seguimento continuo dos fitos acadados levarase a cabo polos responsables da súa implementación. A oficina técnica da Amtega recompilará os resultados do seguimento no seu conxunto para verificar que as actuacións derivadas do plan execútanse segundo o previsto a partir da monitorización do desenvolvemento das actuacións e do seu grao de execución.

Así, empregando fontes oficiais mediranse os indicadores establecidos no apartado 6.2 do presente Plan, e atendendo ao avance dos mesmos, decidiranse as accións máis adecuadas para garantir o cumprimento dos obxectivos previstos, sempre baixo un clima de consenso e participación.

– Proceso de avaliación colaborativo

O modelo de seguimento a implementar establecerá a avaliación de tres elementos básicos para poder determinar se o Plan en xeral e as accións en particular están a cumprir os obxectivos previstos:

- Os resultados obtidos nas accións emprendidas.
- O nivel de actividade do Plan (xestión).
- A calidade na execución das accións.

A partir da valoración destes elementos poderanse identificar eventuais riscos que comprometan a evolución do Plan, así como as accións que requiran ser revisadas e/ou melloradas para o adecuado cumprimento.

Co obxecto de obter os efectos en termos de resultado e impacto das actuacións emprendidas desde a posta

en marcha do Plan de Inclusión Dixital para Galicia, a consulta e colaboración cos expertos participantes no Plan poderá ser un elemento enriquecedor na proposta de novos enfoques e reorientacións cando sexa necesario.

Neste senso, e de cara a ampliar o coñecemento sobre a situación da realidade galega e a evolución das tecnoloxías dixitais, o OSIMGA desenvolverá regularmente estudos temáticos co obxecto de avaliar ámbitos específicos de interese relacionados coa utilización das novas tecnoloxías.

